

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Convocatoria.....:	FOENIA - Convocatoria do programa de subvencións dirixido a entidades para investimentos de promoción económica, durante o ano 2020
Código de expediente.....:	2020000012320

Don/Dona.....:	MIRIAM RODRÍGUEZ SIERRA
Representante da entidade.....:	COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

1. Descrición das actividades ou investimentos realizados.

Adaptación de aseos sede COTSG para persoas usuarias con mobilidade reducida.

Reforma de grupo de aseos para obter un aseo adaptado incluíndo os seguintes traballos:

Retirada de aparellos sanitarios nun dos aseos e anulación de instalacións de fontanería.

Levantado de carpinterías de madeira.

Demolición e desescombro de tabiquería de separación en aseos.

Instalación de acometidas eléctricas para billa, secamans e espello.

Revestimento de paramentos verticais ata 1,9 m de altura con taboleiro 10mm gama duo acabado carballo hera, incluso p.p de rastrelado para absorber tuberías de cobre e taboleiro de rexistro desmontable baixo lavabo.

Instalación de armario de dimensións 75x239x35 cm adaptado a falso escuadro de paredes combinando taboleiro acabado en carballo hera con branco soft e encimera para lavabo acabado carballo hera de 40 mm de espesor.

Subministración e instalación de pavimento de pvc autoportante en lousas de 5mm, acabado tipo cemento gris grafito.

Reparación de zonas afectadas en teito e paramentos, e tapado de ocos de iluminación, incluíndo traballos de pintura necesarios.

Levantado de porta de acceso principal e ampliación de oco de paso.

Subministración e colocación de porta de 82 de paso acabado carballo hera.

Subministración e instalación de billa automática con sensor de infravermellos e lavabo circular \varnothing 40 para instalación sobreencimera.

Instalación de nova iluminación en falso teito con led tipo dicroica 6 W.

Subministración e instalación de barra para mobilidade reducida e secamans eléctrico activado por sensor.

Subministración e instalación de espello retroiluminado con tira led.

Subministración e instalación de billa baixo encimera lavabo incluíndo porta abatible abisagrada.

Subministro e instalación carpintería de aluminio con RPT e acristalamento tipo climalit e vidro de seguridade.

Subministro e instalación de carpintería de aluminio con RPT acabado en branco, con folia inferior fixa e acristalamento tipo climalit formado por vidro de seguridade 6+6 translúcido, cámara de 12 mm e lúa de 4 mm e folia superior abatible con acristalamento tipo climalit formado por vidro de seguridade 6+6 AKUSTEK cámara de 12 mm e lúa de 4 mm colocada en exterior

Recercado perimetral interior en fiestras con taboleiro de aglomerado hidrófugo plastificado en branco de 19 mm

Dimensións:

3 unidades de 1200x2260

2 unidades de 2550x2260

1 unidade de 3900x2260

2 portas de 2000x2460 con acristalamento 3+3/12/6+6 AKUSTEK con muelle pechaportas e manillóns de aceiro inox.

Mobiliario auxiliar

Moble de 60x33x114 fabricado en taboleiro melaminado acabado en faia, con estanterías interiores e porta con pechadura.

Subministro e instalación puntos de luz

Instalación de luz, dotada de 2 detectores de movemento instalados en falso teito, 2 conmutadores en aula de formación, retirada de puntos de luz actuais e substitución por 6 dicroicas LED en zona de corredor. Interruptor en porta principal de entrada.

Equipos para procesos de información

Posto de traballo composto por equipo Dell Vostro 3888 Intel Core i5-10400 con 8 Gb de Ram e 256 GB SSD. Kit teclado e rato wireless Logitech MK270. Monitor ASUS VS247HR 24" LED. Windows 10 Pro e Office Home 365.

2. Temporalización.

	2020											
	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
ADAPTACION ASEO												
SUBMINISTRO E INSTALACION CARPINTERIA EXTERIOR												
MOBILIARIO												
INSTALACION DETECTORES DE MOVEMENTO E PUNTOS DE LUZ LED												
POSTO DE TRABALLO												

3. Ámbito territorial.

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia é unha corporación de dereito público de carácter representativo da profesión, amparada pola lei e recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

O COTSG integra ao colectivo profesional de Traballadores/as Sociais que exercen a súa actividade en Galicia, así como as persoas que desexan incorporarse aínda que non estean desempeñando a profesión.

O Colexio de Traballo Social de Galicia (COTSG) é un referente formativo na Comunidade Autónoma de Galicia no eido do traballo social e da intervención social, desenvolvendo accións formativas en distintas modalidades: presenciais, semipresenciais e en liña.

Asimesmo mantén activos numerosos grupos de traballo en diferentes eidos da profesión (Educación, Feminismo, SAF e Comunitarios, Exercicio Libre da profesión, Infancia e Familia, SERGAS, etc..)

Na actualidade o colexio agrupa a máis de 3.000 profesionais do Traballo Social e participa en numerosas mesas de traballo no campo dos Servizos Sociais

A súa sede física ubícase na Rúa Dublín número 6 baixo, porta 3, en Santiago de Compostela.

Todas as actuacións tanto no ámbito da construción como de mobiliario e de equipos para proceso de información foron realizadas no citado inmoible de Santiago de Compostela.

4. Cuantificación e perfil dos participantes.

Debido á situación creada pola pandemia COVID19 e ás sucesivas ondas coas súas respectivas restricións de mobilidade, aforos, e limitación da presencialidade laboral, a normal actividade do Colexio Oficial de Traballo Social viuse afectada e, como en tantos outros sectores implicou cambios substanciais. A formación, a atención á colexiación, as reunións e diferentes eventos pasaron a ser online.

De tódolos xeitos o colexio agrupa a esas, na actualidade, máis de 3.000 profesionais colexiadas e indirectamente a toda a poboación xeral relacionada dun ou doutro xeito coa profesión e os seus campos de actuación.

5. Resultados obtidos.

Os resultados obtidos foron os esperados en cada un dos ámbitos de actuación:

Adaptación de aseos sede COTSG para persoas usuarias con mobilidade reducida.

As obras acometidas resolveron a barreira que supoñía para as persoas usuarias do COTSG con mobilidade reducida a non existencia deste espazo adaptado, creando un espazo inclusivo ao reducir e minimizar ao máximo as barreiras arquitectónicas.

Subministro e instalación carpintería de aluminio con RPT e acristalamento tipo climalit e vidro de seguridade.

Dous eran os obxectivos e ambos foron en teoría acadados: dunha banda aumentar a eficiencia enerxética e ao mesmo tempo reducir a exposición do persoal contratado ao ruído exterior.

Si ben, por mor da especial situación derivada da pandemia de COVID19, non se testaron ao 100 % os efectos tanto no relativo ao aforro enerxético como no relativo á barreira sonora, os beneficios e obxectivos a acadar son evidentes e cumpren coas previsións iniciais.

Mobiliario auxiliar

Neste caso o obxectivo buscado era completar un reducido espazo da sala multiusos dotando ao mesmo de funcións de garda e almacenaxe seguro de equipos TIC portátiles.

Subministro e instalación puntos de luz

Neste punto o obxectivo era, seguindo unha liña de aforro enerxético e de optimización dos puntos lumínicos, implementar detectores de movemento en zonas de paso así como a instalación de conmutadores e substitución de luminarias actuais por tecnoloxía LED para aumentar a eficiencia enerxética

Equipos para procesos de información

Renovación de posto de traballo por obsolescencia do equipo a substituír

6. Desviacións acaecidas (variacións entre a actividade/investimento solicitado e o xustificado).

En relación coa proposta inicial houbo as seguintes modificacións:

Adaptación de aseos sede COTSG para persoas usuarias con mobilidade reducida.

Modificouse o proxecto inicial que en principio era unha reforma máis sinxela e reformulouse incluíndo melloras nos revestimentos de paramentos verticais así como reposición de pavimento de pvc autoportante. Así mesmo procedeuse a substituír grifería e secamans dotándoos de dispositivos automáticos. Instalouse nova iluminación con detección de movemento e instalouse un armario auxiliar.

Subministro e instalación sistema de intrusión videovixiado e detección de fumes

Descartouse incluír esta instalación nesta liña de subvención da Deputación da Coruña

Subministro e instalación aire acondicionado en sede COTSG

Dada a nova situación derivada da pandemia por COVID 19, decidiuse adiar esta obra de mellora para acometer noutro momento ao non ser considerada prioritaria neste contexto.

Subministro e instalación punto de luz en almacen sede COTSG

Dada a nova situación derivada da pandemia por COVID 19, decidiuse adiar esta obra de mellora para acometer noutro momento ao non ser considerada prioritaria neste contexto.

7. Nome, apelidos, titulación e cargo do animador cultural/ técnico deportivo/ persoa que elabora esta memoria.

Aquilino Santiago Rei. Administrativo COTSG

8. Só para o Programa FOIO0A. No caso de axudas para o código EV-2 (tratamento integral das persoas en situación de violencia de xénero), deberán indicar o xeito de cumprimento da entidade de informar e coordinarse co concello.

NON PROCEDE

9. **Só para o Programa FOIO0A.** Deberán indicar o número de rexistro co que a entidade está inscrita na área de igualdade no Rexistro Único de entidades prestadora de servizos sociais (encher só aquelas entidades que non o teñan acreditado na solicitude de subvención).

NON PROCEDE

10. **Só para Programas de investimento.** Como representante da entidade **DECLARO** que (marcar só unha opción):

	A entidade obtivo as licencias preceptivas
<input checked="" type="checkbox"/>	Para as actuacións realizadas non era necesario a obtención de ningunha licencia

11. **Só para Programas de investimento** Como representante da entidade **DECLARO** que (marcar só unha opción):

	A entidade cumpriu as normas urbanísticas de aplicación
<input checked="" type="checkbox"/>	Non existen normas urbanísticas de aplicación

12. **Só para Programas de investimento.** Como representante da entidade **DECLARO** que (marcar só unha opción)

	Nas actuacións realizadas a entidade cumpriu as normas contractuais de aplicación
<input checked="" type="checkbox"/>	Para as actuacións realizadas a entidade non formalizou ningún contrato xa que non era necesaria a súa formalización

Este documento só terá validez se está asinado dixitalmente pola Presidencia da entidade, ou persoa representante

MEMORIA XUSTIFICATIVA – ANEXO FOTOGRÁFICO

Convocatoria	FOENIA - Convocatoria do programa de subvencións dirixido a entidades para investimentos de promoción económica, durante o ano 2020
Código de expediente	2020000012320

Don/Dona	MIRIAM RODRÍGUEZ SIERRA
Representante da entidade	COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA


1. Descrición das actividades ou investimentos realizados. (**ANEXO FOTOGRÁFICO**)

1.1. Adaptación de aseos sede COTSG para persoas usuarias con mobilidade reducida







1.2. Subministro e instalación carpintería de aluminio con RPT e acristalamento tipo climalit e vidro de seguridade.




1.3. Mobiliario auxiliar



1.4. Subministro e instalación puntos de luz



1.5. Equipos para procesos de información



Este documento só terá validez se está asinado dixitalmente pola Presidencia da entidade, ou persoa representante